



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

Instituto da Lingua Galega

Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>
Teléfonos
+34 8818 12815
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Maquetación
Raquel Vila Amado

Universidade de Santiago de Compostela, xuño de 2017

Índice

LIMIAR	5
--------------	---

RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN 7

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG 7

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)	7
2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)	9
3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)	9
4. CONSTRUCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO)	10
5. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO EN GALEGO.....	10
6. CORPUS DE TEXTOS ANTIGO DA GALIZA (COTAGAL)	11
7. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)	12
8. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)	13
9. DICONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA	14
10. DICONARIO DOS APELIDOS GALEGOS	14
11. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS	15
12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)	15
13. FITOFALADOIRO	16
14. GALEGO E PORTUGUÉS BRASILEIRO: HISTORIA, VARIACIÓN E CAMBIO	17
15. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO	17
16. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA	18
17. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)	18
18. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)	19
19. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS	19
20. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)	20
21. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS	20

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS 22

1. AN ELECTRONIC RESEARCH ENVIRONMENT AND EDITION OF THE ESTORIA DE ESPANNA OF ALFONSO X, KING OF CASTILE AND LEON	22
2. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)	22
3. CONFLUENCE OF RELIGIOUS CULTURES IN MEDIEVAL SPANISH HISTORIOGRAPHY. A DIGITAL HUMANITIES PROJECT	23
4. GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA	23
5. LEMACIST. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)	23
6. EDICIÓN CRÍTICA DIGITAL DE LAS SIETE PARTIDAS: LAS EDICIONES HISTÓRICAS	24
7. CORPUS DOCUMENTALE LATINUM GALLAECIAE (CODOLGA).....	24
8. LAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA: DE LA EDICIÓN A LA INTERPRETACIÓN (FFI2014-52710-P)	24

CONSULTAS DA PÁGINA WEB DO CENTRO	25
---	----

ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS	27
A. SIMPOSIO ILG 2016: ANTROPONIMIA E LEXICOGRAFÍA	27
B. CURSO BÁSICO SOBRE EDICIÓN E ANOTACIÓN DE TEXTOS EN TEI-XML	28
C. ESTATÍSTICA CON R PARA LINGÜISTAS	29
D. XXIX CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGA “GALEGO SEN FRONTEIRAS”	30
A ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES	37
A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS	37
B. CURSOS E SEMINARIOS	44
C. CONFERENCIAS	45
D. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN	47
E. PUBLICACIÓNS	50
PUBLICACIÓNS DO ILG	50
PUBLICACIÓNS DO PERSOAL DO ILG	53
F. REALIZACIÓN E DIRECCIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS	61
G. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN	63
H. COMUNICACIÓN PRESENTADAS NO ILG	63
I. BOLSAS E PREMIOS	63
K. ESTADÍAS	64
L. VISITAS	65
M. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE REUNIÓNS CIENTÍFICAS	65
CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL	67
A. CONVENIOS E CONTRATOS	67
B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓN SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.	67
RESUMO ECONÓMICO 2016	71
RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG	73
PERSOAL	75

Limiār

Este informe, que se somete á aprobación dos órganos de goberno do Instituto e dos órganos xerais de goberno da Universidade, trata de ser un reflexo fiel da actividade desenvolvida polo Instituto da Lingua Galega ao longo de 2016. Nel pódese atopar información detallada acerca dos avances atinxidos no marco dos diferentes proxectos que se levan a cabo no centro, dos cursos e encontros científicos organizados, así como das publicacións ou participacións en congresos dos investigadores que forman parte do seu cadro de persoal. Completa a información un resumo económico en que se recollen os ingresos conseguidos e os gastos realizados.

No capítulo da actividade investigadora, ao longo de 2016 o Instituto mantivo activas algunhas das liñas de traballo tradicionais do centro, mercé ao convenio bianual coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cabe destacar como novedades a consecución dun novo proxecto de investigación, *Contacto e cambio lingüístico en galego*, dirixido polos profesores Dubert e Sousa, no marco da convocatoria anual do Ministerio de Economía e Competitividade. Por outra banda, tamén en 2016 a rede *Tecnoloxías e Análise de Datos Lingüísticos (TecAndALi)*, coordinada polo grupo do ILG, logrou financiamento na convocatoria de axudas para a Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta rede está formada polos grupos *Filología e Lingüística Galega* (FILG-USC); *Modelos de Optimización, Decisión, Estatística e Aplicacións* (MODESTYA-USC); *Grupo de Sistemas Intelixentes* (GSI-USC); *Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos* (COGRADE-USC); *Grupo de Tecnoloxías Multimedia* (GTM-UVigo); *Gramática, Discurso e Sociedade* (GRADES-UVigo) e *Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega* (TALG-UVigo). De acordo coa valoración outorgada polo panel de avaliadores externos, *TecAndALi* sitúase na quinta posición entre o conxunto das redes finanziadas no conxunto do sistema universitario galego e no primeiro lugar das correspondentes ás grandes áreas de Humanidades e Ciencias Sociais. É de salientar tamén o éxito doutra rede na que o ILG colabora activamente, a rede de lexicografía RELEX, coordinada pola Universidade da Coruña.

Polo que se refiere á difusión dos resultados de investigación, no ano 2016 os investigadores do Instituto conseguiron manter, en termos cuantitativos e cualitativos, as cifras de producción de anos anteriores, tanto no que se refire a publicacións como á participación en congresos e reunións científicas. O esforzo despregado para garantir a visibilidade dos traballos realizados produciu como froito que moitas desas publicacións aparecesen publicadas en revistas de impacto e editoras de prestixio no mundo académico. Por outra banda, no tocante ás publicacións propias, cómpre mencionar, mercé á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, do Consello da Cultura Galega e do propio Instituto, a aparición da *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, unha monumental edición en tres volumes a cargo do profesor Ramón Lorenzo. Ademais, ao longo de 2016 viron a luz dous volumes, editados ambos polos profesores Ramón Mariño e Xavier Varela, *A lingua galega no solpor medieval*, publicada polo Consello da Cultura Galega, e *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*, publicada como anexo de *Verba*. Finalmente, *Estudos de Lingüística Galega*, que segue mellorando as súas posicións nas clasificacións de publicacións periódicas, lanzou o seu oitavo volume.

Canto aos cursos e encontros científicos organizados directamente polo ILG, pódese citar o simposio anual, organizado en colaboración co Consello da Cultura Galega. Nesta edición, que tivo lugar entre o 24 e o 26 de outubro, contou coa coordinación da profesora Ana Boullón e tivo por título *Antropónimia e lexicografía*. Ademais, como vén sendo tradicional desde hai trinta anos, ao longo do mes de xullo tivo lugar o curso de verán Galego sen Fronteiras, que o ILG organiza en colaboración coa Real Academia Galega, coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa Deputación da Coruña.

As actividades entrecollidas neste limiar pretenden ser simplemente unha mostra dalgúns dos aspectos máis destacados da actividade anual despregada polo Instituto. Ao mesmo tempo, permiten pór de relevo a importancia que para o Instituto reviste a colaboración estreita coas institucións públicas e privadas, e de maneira particular coas que forman parte do seu Consello Científico: a Real Academia Galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Barrié. A todas elas quero agradecer moi sinceramente o seu apoio e colaboración, e a todo o persoal investigador e persoal de apoio do centro o traballo constante, a entrega e o compromiso co Instituto.

Ernesto González Seoane
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez, Juan José Gómez Noya

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Políticas Lingüísticas da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/ago/>

7

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

- Realizáronse **novas transcripcións** de gravacións con diversos temas e de distintas procedencias. De entre elas, 25 textos xa están dispoñibles e outros 5 pendentes da revisión final para pendurar na rede. Seleccionáronse tamén outras mostras que están en diferentes fases de corrección e que se van poñer en Internet nos vindeiros meses. Na páxina pódese acceder tanto ao audio editado coma a dous tipos de transcripción, unha semifonoloxica e outra normativizada.
- Continouse coa fase de probas para a introdución progresiva do **aliñamento** da transcripción co audio en materiais do AGO.
- Continouse co traballo de **mantemento e mellora da páxina web** para permitir a consulta en liña das versións multimedia dos textos do arquivo que xa están dispoñibles.
- Avanzouse no traballo de **catalogación e arquivo de novas gravacións** de galego común cun total de 33 novos rexistros. Algunhas son doazóns de audios gravados nos anos 90 e outras son gravacións feitas na actualidade polos membros do equipo. Alén disto tamén se incrementou considerablemente o fondo do subarquivo do galego culto, con gravacións de conferencias, presentacións, discursos etc.
- Continouse cos traballos de lematización e etiquetaxe de textos do Arquivo para a posta en marcha do **TOILG** (Tesouro Oral Informatizado da Lingua Galega).
- Continouse co **traballo de mantemento e organización do arquivo** para o que se creou unha base de datos en Access que permite centralizar boa parte da información

disponible sobre o fondo, nomeadamente as máis de 6000 fichas do subarquivo de etnotextos que se gravaron desde os anos 90 á actualidade.

- En relación co **aproveitamento do proxecto** cómpre ter en conta que a principal vía de difusión é a que se establece a través da páxina web (<http://ilg.usc.gal/ago>), mais tamén foron atendidas visitas ao fondo do AGO, no edificio do ILG, onde se explicou a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

En relación coas presentacións en reunións científicas e publicacións derivadas do proxecto no ano 2016 cómpre sinalar o seguinte:

- Francisco Fernández Rei: "O Arquivo do Galego Oral do ILG: xénese e situación actual", en Rosario Álvarez, Eduardo Moscoso e Marta Negro (eds.) [2017]: *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega en homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (no prelo).
- Francisco Fernández Rei: "O Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega". Comunicación no *Colóquio comemorativo dos 40 anos do CLUP* (Facultade de Letras do Porto, 24 e 25 de novembro do 2016).
- Concepción Álvarez Pousa: "A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo", en Rosario Álvarez, Eduardo Moscoso e Marta Negro (eds.) [2017]: *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega en homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (no prelo).
- Concepción Álvarez Pousa: "Como é a variedade lingüística da Terra de Viana do Bolo?". Comunicación no *IV Encontro da Mocidade Investigadora*, organizado pola Escola de Doutoramento Internacional (EDI) da Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Comunicación, 9-10 de xuño do 2016).
- Concepción Álvarez Pousa: "A variedade vianesa e a frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués". Conferencia no *IV Coloquio de Lingüística Histórica*, organizado polo Centro de Estudios Galegos da Universidad de Extremadura (Cáceres, 13-14 de outubro do 2016).
- Concepción Álvarez Pousa: "O galego oriental: o dialeto vianês e as suas afinidades com a língua portuguesa". Conferencia na Faculdade de Letras da Universidade do Porto (Porto, 9 de novembro do 2016).
- Concepción Álvarez Pousa: "A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués". Comunicación no *Colóquio comemorativo dos 40 anos do CLUP* (Facultade de Letras do Porto, 24 e 25 de novembro do 2016).
- Xosé Henrique Costas González: "A recuperación léxica do galego do val do río Ellas (Cáceres)", en *II Congreso Internacional da Rede de Lexicografía (RELEX)* (Santiago de Compostela, 05-07/10/2015). En colaboración con Ana Alicia Manso Flores.
- Xosé Henrique Costas González: "Achegas á procedencia do léxico do val do río Ellas (Cáceres)", en *IV Congreso de la Sociedad Extremeña de Estudios Portugueses y de la Luso-fonía (SEEPLU)* (Cáceres, 11-13/11/2015). En colaboración con Ana Alicia Manso Flores.
- Xosé Henrique Costas González: "A situación do galego en Asturias e Castela-León: entre a negación e o glotocidio", en *1º Simpósio Internacional Línguas e Variedades Lin-*

guísticas Ameaçadas na Península Ibérica: Documentação e Revitalização (LAPI 2016) (Alcanena, 1-2/07/2016).

- Xosé Henrique Costas González: "As falas do Ellas: ausencia na escola e hibridación forzada", en *1º Encontro de Línguas Ibéricas* (Covilhã, 16-17/09/2016).
- Xosé Henrique Costas González: "Orixe e evolución das sibilantes nas falas do val do río Ellas". Conferencia no *IV Coloquio Lingüística Histórica, Universidade de Estremadura* (Cáceres, 13-14/10/2016).
- Xosé Henrique Costas González: "Os textos orais do Val do Río Ellas e a súa importancia para a dialectoloxía galega e portuguesa", en Rosario Álvarez, Eduardo Moscoso e Marta Negro (eds.) [2017]: *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega en homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (no prelo).

2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

IP: Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Antón Santamarina, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Irene Santos Raña, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez, Juan José Gómez Noya

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Axuda ao grupo de investigación FILGA (Xunta de Galicia - FEDER)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

O volume IX *Fauna* contaba a finais do 2016 con **183** lendas e os seus correspondentes mapas elaborados nunha primeira fase, dos que se redactou unha segunda versión para **71 mapas e lendas** que corresponden co léxico das aves, dos insectos e dos réptiles. Durante o ano 2016 elaboráronse 32 lendas novas e realizáronse as 71 revisións sinaladas.

Continuouse a maquetación dos mapas e das notas do volume VII *Ser humano (II)* e maquetouse a introdución no programa InDesign de Adobe. Realizáronse as probas de maqueta correspondentes.

3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ana Suárez González (USC-Historia)

INFORMÁTICA: Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/BGM/>, <http://bgm.cocodin.com/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Segundo o plan de traballo previsto, no ano 2016 continuouse co arquentamento da base textual, á que foron incorporadas novas coleccións documentais de recente publicación.

4. CONSTRUCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (ConVERSO)

IP: Rosario Álvarez e Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Xosé Xove Ferreiro, María Beatriz Domínguez Oroña

FINANCIAMENTO: Real Academia Galega

ENTIDADES COLABORADORAS: Instituto da Lingua Galega (USC) e Seminario de Gramática da Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2016

Desde a finalización do contrato da última bolseira (15/05/2012), interrompeuse a incorporación de novos datos á base, que actualmente conta cuns 61.000 rexitros dos 100 verbos más frecuentes. Nesta nova fase o investigador Xosé Xove continuou coa revisión da base, seguindo neste último ano co estudio a fondo do campo relativo á clasificación das oracións subordinadas. O resultado deste traballo de revisión e refinamento da base está sendo utilizado polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* para o estudo da sintaxe do galego, e particularmente o das oracións subordinadas.

No marco deste proxecto realizaase a tese de doutoramento de Beatriz Domínguez Oroña: *A alternancia causativa-anticausativa en pares léxicos no galego actual* (Directora: Rosario Álvarez).

5. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO EN GALEGO

IP: Francisco Dubert García, Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Xosé Luís Regueira Fernández, Elisabetta Carpitelli, Pedro Martín Butragueño, Gabriel Rei-Doval, Alberto Gómez Bautista, Lurdes de Castro Moutinho, Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Ministerio de Economía e Competitividade (referencia FFI2015-65208-P) e Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020).

RESULTADOS: <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/contacto-e-cambio-linguistico-en-galego>
<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Durante este ano iniciouse o traballo de actualización e revisión da aplicación de edición e consulta do CORILGA. Ademais comezouse coa etiquetación morfosintáctica dos textos do corpus.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- “A comparison between the Galician dialects and the standard variety”, Francisco Dubert García / Xulio C. Sousa Fernández (2017): 2017 MLA Annual Convention, Philadelphia (Estados Unidos), 5-8 xaneiro 2017.
- “¿Onde se fala o estándar? Identificación e percepción da variedade estándar do galego” (link is external), Xulio C. Sousa Fernández / Soraya Suárez Quintas (2016): II Simposio de Estudios Galegos, University of Michigan-Ann Arbor. Estados Unidos, 20-23 abril 2016 – Presentación
- “Lexical variation and Galician dialects”, Xulio C. Sousa Fernández (2016): IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources, París (Francia), 7-9 setembro 2016 – Presentación
- “Áreas léxicas no noroeste peninsular: o corpo humano no Atlas Linguístico de la Península Ibérica”, Xulio C. Sousa Fernández / Marta Negro Romero (2016): IVème Con-

- grès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources, París (Francia), 7-9 setembro 2016.
- O contacto lingüístico e a categorización de falantes. O caso da entoación dos neofalantes, Elisa Fernández Rei, Conferencia plenaria, XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas (AJL), 2016
 - "Variación, cambio lingüístico e identidad en interacción en un habla rural gallega", Xosé Luís Regueira, DIA IV – Repenser la variation linguistique (Univ. Zürich, 12-14 setembro 2016)..
 - V Jornadas de Lingüística Hispánica: Centros y periferias (Univ. de Lisboa, 12-13 abril 2016), Xosé Luís Regueira, conferencia de clausura: "Do centro á periferia: español e portugués como linguas de contacto no discurso político en Galicia"
 - Roberto Seara, Marta Martinez, Rocío Varela, Carmen García-Mateo, Elisa Fernández-Rei, Xosé Luís Regueira, Enhanced CORILGA: Introducing the Automatic Phonetic Alignment Tool for Continuous Speech; LREC 2016: 10th Language Resources and Evaluation Conference (Portorož, Slovenia, 23-28 maio 2016). Póster.
 - "Contacto e mudança linguística em galego"(link is external), Xulio C. Sousa Fernández / Francisco Dubert García / Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho (2016): V Jornadas de Ciências da Linguagem, Aveiro (Portugal), 29 xuño 2016 – Presentación
 - Dialectologia. Special Issue VI (2016), Romance geoprosody: advances, studies and tools eds. by Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra.
 - "Dialectal, historical and sociolinguistic aspects of Galician intonation", Elisa Fernández Rei (2016): Dialectologia. Special Issue VI, Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (eds.), 147-169 - Artigo
 - "On quantitative geolinguistics: an illustration from Galician dialectology", Xulio C. Sousa Fernández / Francisco Dubert García (2016): Dialectologia. Special Issue VI, 191-221 – Artigo
 - "Dialectal, historical and sociolinguistic aspects of Galician intonation" Elisa Fernández Rei (2016): Dialectologia. Special Issue VI, 147-169 – Artigo

6. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA (COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (dir. Pedro Sánchez-Prieto Borja, Univ. Alcalá).

Páxina web: www.cotagal.org

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

- Continuación da transcripción paleográfica da tradución galega da *General estoria* (RBE ms. O.I.1).
- Publicación dunha nova aproximación cronolóxica e diatópica do fragmento do *Livro de Tristam* (AHN Códices 1501/7). Preparación dunha nova transcripción paleográfica e presentación crítica.

- Continuación da transcripción paleográfica do testemuño galego tardío da *Estoria de España* (BUSal 2497).
- Continuación da transcripción paleográfica dos dous testemuños galegos da *Crónica de 1404*: o exemplar neoirquino (HSA B.2278) e o santanderino (BMP 62).
- Continuación na revisión da transcripción dos fragmentos galegos das *Partidas*. Transcripción de 3 testemuños inéditos, custodiados no AHN (Sección Nobreza), no Museo de Pontevedra e na Catedral de Ourense.
- Arrengementamento da base textual de documentación galega redixida en castelán, procesada seguindo os criterios da Red Internacional CHARTA e integrada neste corpus (<http://www.corpuscharta.es/>).

ESTADÍA DE INVESTIGACIÓN ASOCIADA

- Estadía de investigación na Hispanic Society of America (NI), entre xuño e decembro de 2016 para a transcripción paleográfica e estudo codicolóxico da *Crónica de 1404*.

PUBLICACIÓNS E PRESENTACIÓNS RELACIONADAS

- “Galego-portugués e castelán na Galiza do século XV. Retrincos significativos na documentación xudicial da Colección da Catedral de Lugo”, en R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*, pp. 97-120.
- “Prosa medieval galego-portuguesa na Galiza dos séculos XIII-XIV”. Conferencia na aula de Lingua galega. Universidad Complutense (Madrid), 19 decembro 2016.
- “Proyecto «Libros, memoria y archivos: cartularios monásticos del Noroeste peninsular (ss. XII-XIII)». En torno a la (multi)edición interdisciplinar”, en Ch. Albertin e S. del Rey Quesada (coords.), *Hispanica Patavina. Estudios de historiografía e historia de la lengua española en homenaje a José Luis Rivarola*. Padova: CLEUP (Cooperativa Libraria Editrice Università di Padova, col. “Sghiribizzi”), pp. 155-164.
- “Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da Historia Troiana (BMP Ms. 558)”, en X. Varela Barreiro e R. Mariño Paz (eds.), *Lingüística histórica e edición de textos medievais*. Santiago de Compostela: Universidade (Anexo de Verba nº 73), pp. 245-257.

7. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Noemí Basanta Llanes, Alba Aguete Cajiao, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Lucía Barreiro Capón, Juan Jesús Gómez Noya, Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMIENTO: Sen financiamento externo específico

ENTIDADES COLABORADORAS: Grupo Tecnoloxías Multimedia (UVigo)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Neste ano continuamos coa preparación da ferramenta de xestión e recuperación da información, en colaboración co grupo de Tecnoloxías Multimedia da Univ. de Vigo. O traballo informático desenvolvido por Noemí Varela, coa asistencia de Xosé Manuel Dopazo e dou-

tos membros do equipo, permitiu subsanar os numerosos problemas de programación que eran fonte de errores do aliñado e do transcriptor automáticos. Incorporáronse novas etiquetas morfolóxicas, adaptadas do Freeling 4.0 para o galego, así como as etiquetas ISO Cat.

Revisáronse de maneira exhaustiva a maior parte das transcripcións existentes e continuouse coa transcripción de textos orais, atendendo sobre todo a aquelas modalidades menos representadas (dobraxe, medios). En colaboración coa elaboración da tese de doutoramento de Sonia Varela (UAB), transcribiríonse programas e espazos de variedades e de humor da TVG.

Actualmente o proceso de revisión de errores e de mellora das ferramentas de aliñamento e etiquetaxe están próximas a concluírse, e estase sometendo a un período de probas.

Proximamente iniciaremos a integración de todos os textos transcritos para que queden completamente etiquetados e aliñados. A partir dese momento poderá ser aberto á consulta pública.

CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

- [Poster] Roberto Seara, Marta Martinez, Rocío Varela, Carmen García-Mateo, Elisa Fernández-Rei, Xosé Luis Regueira: "Enhanced CORILGA: Introducing the Automatic Phonetic Alignment Tool for Continuous Speech". *10th Language Resources and Evaluation Conference (LREC 2016)*. Portorož, Slovenia. Publicado como: Roberto Seara, Marta Martinez, Rocío Varela, Carmen García-Mateo, Elisa Fernández-Rei, Xosé Luis Regueira: Enhanced CORILGA: Introducing the Automatic Phonetic Alignment Tool for Continuous Speech. *Proceedings. 10th Language Resources and Evaluation Conference (LREC 2016)*. Portorož, Slovenia, 2893-3898.

8. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro / Maria Francisca Xavier (Universidade Nova de Lisboa) / Charlotte Galves (Universidade Estadual de Campinas) / Leonardo Marcotulio (Universidade Federal de Rio de Janeiro)

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Carracedo Fraga, Juan Carrasco González (Universidade de Extremadura), Lucía Doval Iglesias, Rosário Ferreira (Universidade de Coimbra), José Carlos Ribeiro Miranda (Universidade do Porto), Eduardo Moscoso Mato, Ricardo Pichel Gotérrez, José António Souto Cabo

INFORMÁTICA: Juan Jesús Gómez Noya

Financiamento: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/CIGPA/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

No ano 2016 continuou o avance do proxecto de integración dos córpora galegos, portugueses e brasileiros nun único recurso. As incorporacións más relevantes son a do *Corpus Histórico do Português Tycho Brahe*, dirixido por Charlotte Galves na Universidade Estadual de Campinas e a do corpus *Para uma História do Português do Brasil* (Universidade Federal de Rio de Janeiro), representado por Leonardo Marcotulio.

O grosor da actividade, realizada en Santiago, centrouse na conversión ao formato XML dos textos procedentes dos equipos lisboeta, campinense e carioca, paso previo necesario para a ensamblaxe dos córpora. Como resultado, a base textual do novo corpus presenta un volume considerable de texto nunha nómina de títulos que sobrepasa en número as 200 obras ou coleccións documentais.

9. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Noemi Basanta Llanes, Juan Jesús Gómez Noya

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico.

ENTIDADES COLABORADORAS: Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega

PÁGINA WEB: ilg.usc.es/pronuncia

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Efectuáronse labores de mantemento e de corrección de erros detectados. Dado que este recurso é o que fornece de pronuncias o Dicionario en liña de Real Academia Galega, a medida que se van incorporando novas voces neste cómpre actualizar o Dicionario de pronuncia para que o dicionario da RAG estea completo para a súa consulta en rede.

10. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza (Universidade de Vigo), Antón Palacio Sánchez (Universidade de Vigo), Luz Méndez (Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia)

ENTIDADES COLABORADORAS: Real Academia Galega

FINANCIAMENTO: Nestes momentos sen financiamento.

AVANCES SIGNIFICATIVOS EN 2016

Durante o ano 2016 continuouse traballando na elaboración das entradas e na compilación de información histórica. O número de apelidos que constitúen entrada no dicionario son, en principio, aqueles que teñen maior frecuencia de 30, que supuñan nun principio uns 5.800. Dado que en cada entrada se inclúen tódalas formas da mesma familia léxica (aínda que teñan un número de ocorrencias inferior a 30), o número de apelidos foi aumentando, e neste momento sitúase arredor dos 6.600.

Os apelidos rematados no ano 2015 son 5.279, o que constitúe un número equivalente de entradas, entre as principais e as remisivas, e supón un 80% do total previsto. Isto significa que estas entradas xa foron elaboradas e pasaron por un proceso de revisión por cada un dos membros do equipo, por outro proceso de revisión conxunta e por unha última revisión individual coa incorporación das suxestións antes da súa inclusión no dicionario.

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROXECTO

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2016b): "Os apelidos, patrimonio individual e patrimonio colectivo. Criterios para a estandarización dos apelidos", en *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. A Coruña: Real Academia Galega, 10-21. <<http://academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf>>
- Organización do *Simposio ILG 2016 Antropónimia e lexicografía*, 24-26 de novembro de 2016. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela. Neste simposio, varios dos membros do equipo de redacción presentaron comunicacións en relación co dicionario:
 - Ana Boullón: "Estrutura do Dicionario dos apelidos galegos"
 - Gonzalo Navaza: "Particularidades fonéticas e morfológicas en apelidos galegos"
 - Luz Méndez : "Seseo, gheada e estandarización de apelidos"

- Participación na revisión do *Nomenclátor de Galicia* (2013), dentro do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega

11. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

IP: Ana Boullón

EQUIPO INVESTIGADOR: Maka Pérez González, Ramón Lorenzo Vázquez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Secretaría Xeral de Política Lingüística)

AVANCES SIGNIFICATIVOS PUBLICADOS EN 2016

Na edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, revisáronse os documentos das carpetas 1799 a 1803; nestes momentos estase a traballar na carpeta 1804 do Arquivo Histórico Nacional.

Dados os novos avances tecnolóxicos, as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos quedaron obsoletas, por iso se están cambiando por unha fonte unicode que permita a súa publicación futura na Web. É un proceso laborioso que require moito tempo, dada a cantidade de documentos xa lida.

Ademais, cos novos datos obtidos da dita transcripción séguese enchendo, mantendo e ampliando a base de datos creada cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba etc.).

RESULTADOS DO PROXECTO

- Lorenzo Vázquez, Ramón (2016): *Colección documental do Mosteiro de Montederramo*. Coa colaboración de Maka Pérez. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 3 vols.

12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Marta Negro Romero

FINANCIAMENTO: Consejo Superior de Investigaciones Científicas

ENTIDADES COLABORADORAS: Consejo Superior de Investigaciones Científicas (<http://www.csic.es/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

O traballo realizado durante este ano centrouse na revisións e corrección das transcricións en alfabeto fonético e ortografía convencional. Ademais preparouse o material correspondente a 100 preguntas para realizar unha proba coa aplicación da cartografía automática. O equipo do ILG continuou colaborando no deseño da aplicación de consulta co persoal do CSIC.

RESULTADOS

- <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/edicion-e-elaboracion-dos-materiais-galegos-do-alpi-atlas-lingüistico-de-la-peninsula>
- <http://alpi.csic.es/gl>

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- "Humanidades digitales y geografía lingüística. La edición del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica" Xulio C. Sousa Fernández (2016): I Congreso Internacional Humanidades Digitales: Construcciones locales en contextos globales, Buenos Aires (A Arxentina), 7-9 novembro 2016 - Presentación
- "Áreas léxicas no noroeste peninsular: o corpo humano no Atlas Linguístico de la Península Ibérica" (link is external) Xulio C. Sousa Fernández / Marta Negro Romero (2016): IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources, París (Francia), 7-9 setembro 2016 - Presentación
- "Lexical variation and Galician dialects" (link is external) Xulio C. Sousa Fernández (2016): IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources, París (Francia), 7-9 setembro 2016 – Presentación

13. FITOFALADOIRO

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert García, Antón L. Santamarina Fernández (ILG) / Javier Amigo, David García San León (Herbario SANT)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico en 2016

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2016

Desde a convocatoria de 2015 o *Fitofaladoiro* pasou a ser un dos programas incluídos oficialmente no Plan Proxecta da Consellería de Educación. Foi ofrecido na campaña 2015-2016 e 2016-2017. A páxina web da Consellería correspondente ao *Fitofaladoiro* atópase no enlace: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/16743>.

Grazas a este impulso, no curso 2015-2016 uníronse ao proxecto catorce centros de ensino distribuídos por toda Galicia. Aos seminarios preparatorios, celebrados na primeira semana de novembro, con anterioridade ao inicio da campaña nos centros, asistiron representantes do profesorado de 13 centros de Fisterra, Negreira, A Fonsagrada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Bande, Ourense, Agolada, Bueu, Silleda, Tui e Vilagarcía; desculparon os de Arzúa, Boiro, Burela, Cervantes, Viveiro e Meis. En total, 19 centros participantes activos, coordinados, desde o inicio deste curso.

Na convocatoria de 2016-2017 foron admitidos 9 centros: CEIP de Cerdeiriñas (Vila de Cruces), CEIP Plurilingüe A Florida (Sanxenxo), CEIP Santa María (A Fonsagrada), CPI de Cervantes, CPI de Mosteiro-Meis, IES A Pinguela (Monforte de Lemos), IES da Terra Chá, José Trapero Pardo (Castro de Rei), IES Plurilingüe San Rosendo (Mondoñedo) e IES Ricardo Carballo Calero (Ferrol). Naturalmente, a participación non está limitada nin a estos centros ao ámbito educativo.

Os datos básicos do proxecto figuran en <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/fitofaladoiro>.

Para acceder aos documentos, aos resultados do recurso e poder participar, on-line, váiese a <http://fitofaladoiro.eu/>

14. GALEGO E PORTUGUÉS BRASILEIRO: HISTORIA, VARIACIÓN E CAMBIO

IP: Xosé Henrique Monteagudo Romero (responsable español)

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Educación y Ciencia. Ministerio de Educación y Ciencia –USC / CAPES (Brasil)- UFF

DURACIÓN: 01/01/2015 - 31/12/16

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 12.500 euros

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2016

No ano 2106, Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo realizaron a súa estadía no marco do dito proxecto na Universidade Federal Fluminense, Niterói (RJ), entre o 21 de maio e o 10 de xuño de 2016. As actividades desenvolvidas foron:

- Impartición conjunta dun curso sobre “Variación diatópica no galego medieval: a súa importancia para a gramática histórica do grupo galego-portugués”, na UFF.
- Celebración do seminario “O problema da norma lingüística en Galicia e en Brasil: identidades e ideoloxías”, a cargo de Henrique Monteagudo, na UFF.
- Celebración do seminario “Variación na morfoloxía do diminutivo, en perspectiva histórica e comparada”, a cargo de Rosario Álvarez Blanco, na UFF.
- Seminario conjunto de tres horas na Universidade do Estado do Rio de Janeiro.

15. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO

IP: Ernesto González Seoane e Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Sandra Beis Silva, Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Juan Jesús Gómez Noya, Domingo González Lopo, Rita Marquillas, Gonzalo Navaza Blanco, César Osorio Peláez, José Luis Rodríguez Gómez, Concepción Varela Orol, Florentina Xoubanova Montero, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMIENTO: Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación (Ministerio de Economía y Competitividad, referencia FFI2013-47589-P).

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Durante o ano 2016 a actividade centrouse na transcripción paleográfica e na edición interpretativa dos textos do corpus a través da plataforma TEITOK. Ademais, iniciouse tamén a anotación e lematización dos textos.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Rosario Álvarez / Ernesto González Seoane (2016): “Iluminar los Séculos Escuros: Gondomar, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna”, en Johannes Kabatek (ed.): Lingüística de corpus y lingüística histórica iberorrománica. Berlin: De Gruyter (Beihefte zur Zeitschrift für romanische Philologie), 115-136.

- Ernesto González Seoane (2016): "A representación do portugués en textos galegos da Idade Moderna", en IV Coloquio de Lingüística Histórica (Universidad de Extremadura, 13-14 de outubro de 2016).
- Rosario Álvarez / Francisco Millán Rodríguez (2016): "O Pranto da frota, por unha ninfa galega (c. 1702). Tradición manuscrita, edición e estudio", Cuadernos de Estudios del Siglo XVIII 26, 233-270.
- Rosario Álvarez / Sandra Beis / Ernesto González Seoane (2016): "A evolución das formas de tratamiento en galego. Evidencias desde o galego medio", IV Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas (Universidad de Alcalá, 24-25 de noviembre de 2016).
- Rosario Álvarez / Sandra Beis / Ernesto González Seoane (2016): "Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna", *IV Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas* (Universidad de Alcalá, 24-25 de noviembre de 2016).

16. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro, María Álvarez de la Granja, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei

FINANCIAMENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado

ENTIDADES COLABORADORAS: Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2016

O equipo ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega, co compromiso de entregar a esta institución o texto completo. Os traballos realizados en 2016, especificamente ou en conexión con outros proxectos en andamento, continuaron orientados a ese fin. No ano 2016 incorporáronse ao equipo tres novos participantes, todos membros do ILG, con perfís especializados diversos para colaborar cos autores iniciais en apartados específicos.

17. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Amparo Cereixo Silva (IESP As Neves), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

A actividade desenvolvida encamiñouse á finalización da versión doméstica do corpus textual do galego decimonónico ata 1854 –sen outra pretensión que facilitar os traballos internos mentres non se abra ao acceso público o corpus *Gondomar*, realizado no ILG–, coa finalidade de, en harmonía coa codificación do CGPA, facilitar a extracción de datos lingüísticos deste período para a elaboración da gramática histórica.

18. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)

IP: Paulo Martínez Lema

EQUIPO INVESTIGADOR: Paulo Martínez Lema (coord.), Carolina Pérez Capelo, Rocio Dourado Fernández, Gonzalo Hermo González, Eduardo Moscoso Mato, Carlos Rocha, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/itgm>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Durante o ano 2016 levouse a cabo o proceso de marcaxe e identificación dos materiais topónimicos contidos nunha serie de colectáneas documentais portuguesas, editadas por Ana Maria Martins, Maria José de Carvalho Simões, J. António Souto Cabo e José Marques, coa intención de integrar no ITGM a toponimia medieval do país veciño. Aínda, perfeccionouse sensibelmente o protocolo de procesamento das unidades topónimicas recollidas e redeseñouse a estrutura da base de datos que, en última instancia, servirá como base para o aplicativo informático que permitirá a consulta e explotación deses materiais por parte dos eventuais usuarios.

CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

- Francisco Xavier Varela Barreiro / Eduardo M. Moscoso Mato (2016): "Os resultados do corónimo GALLAECIA en Galiza e Portugal". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016
- Martínez Lema, Paulo (2016): "A toponomástica como auxiliar da fonética histórica: algúns exemplos do ámbito galego-portugués", en Mariño Paz, Ramón / Varela Barreiro, Xavier (eds.): *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*. Anexo 73 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 177-190.
- Martínez Lema, Paulo (no prelo): "Sobre a repercusión do zoónimo mazarico na onomástica medieval e moderna", *Estudos de Lingüística Galega* 9.
- Martínez Lema, Paulo (no prelo): "Toponímia e fonética histórica no domínio galego-português: notas para uma linha de trabalho", *Estudis Romànics* XL.
- Conferencia: "O Inventario Toponímico da Galicia Medieval: apresentação de projeto" (a convite do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa). Faculdade de Letras (Lisboa), 26/10/2016.
- Martínez Lema, Paulo: "Toponimia(s) galego-portuguesa(s): unha tentativa de comparación". IV Coloquio de Lingüística Histórica. Cáceres (Extremadura), 13-14 de outubro de 2016.

19. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Soraya Suárez Quintas, David Rodríguez Lorenzo, Irene Santos Raña, Laura Calaza Díaz, José R. Ríos Viqueira, Rosa M. Crujeiras, Alberto Rodríguez Casal.

FINANCIAMENTO: Rede de Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos. Programa de consolidación de unidades de investigación competitivas do SUG, Xunta de Galicia – FEDER (2014-2015).

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

As tarefas realizadas durante este período concentráronse fundamentalmente en:

- Perfeccionamento do deseño das ferramentas de documentación e análise de datos.
- Deseño do traballo de campo para a recolla de datos nas áreas limítrofes do dominio galego.
- Desenvolvemento dos métodos de análise.
- Análise dos datos recollidos e publicación de resultados.

RESULTADOS

- <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/plataforma-de-documentacion-e-analise-de-datos-dialectais-perceptivos>

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- "Categorización perceptiva das variedades románicas peninsulares por parte de universitarios de Galicia" Irene Santos Raña / Soraya Suárez Quintas / Laura Calaza Díaz / Xulio C. Sousa Fernández (2016): XXVIII Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románica, Roma (Italia), 18-23 xullo 2016 - Presentación
- "The perception of the language contact in the eastern and southern borders of Galicia" Irene Santos Raña (2016): Sociolinguistics Symposium 21, Murcia, 15-18 xuño 2016 - Presentación
- "¿Onde se fala o estándar? Identificación e percepción da variedade estándar do galego" (link is external) Xulio C. Sousa Fernández / Soraya Suárez Quintas (2016): II Simposio de Estudios Galegos, University of Michigan-Ann Arbor. Estados Unidos, 20-23 abril 2016 – Presentación

20. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)

IP: Antón Santamarina e Ernesto González Seoane.

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/TILG/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Durante o ano 2016 reprocesáronse de acordo cunha nova dtd os textos do corpus, elaborouse para eles unha nova cabeceira e desenvolveuse unha nova aplicación de consulta que se encontra actualmente en fase de proba.

21. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, María Beatriz Domínguez Oroña, Ernesto X. González Seoane, Eduardo Louredo Rodríguez, Rosa Mouzo Villar, Marta Negro Romero, César Osorio Peláez, Xulio Sousa, Juan Jesús Gómez Noya.

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico en 2016

ENTIDADES COLABORADORAS: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/tesouro>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

Durante o ano 2016, no prazo que media entre a redacción da memoria de 2015 e a fin do ano, a base de datos do TLPGP incrementouse con 10 obras (6 do Brasil, 4 de Galicia), que supoñen un incremento de 7.283 rexistros, dos cales 5.736 son de léxico galego. De Brasil recibíronse obras de Mato Grosso do Sul, do Paraná e do Pará.

O equipo do ILG ten ao seu cargo a iniciación e formación a distancia dos novos investigadores brasileiros, a asesoría permanente dos membros dos equipos e a revisión das táboas elaboradas no Brasil, tanto das seis incorporadas en 2016 coma doutras en curso de elaboración.

Ademais, o banco de datos do TLPGP está en permanente estado de revisión e corrección. O mesmo ocorre co *inventario*, que fornece información sobre fontes con léxico patrimonial con referencias xeográficas.

Estamos á espera de que se resolva a convocatoria competitiva aludida na memoria de 2015, á que presentamos unha candidatura conxunta con universidades do norte de Portugal; esta colaboración transfronteiriza tería como centro da atención a variación léxica na Gallaecia, integrada neste proxecto. Están moi avanzados os termos dunha colaboración con investigadores da Universidade da Beira Interior (UBI) con vistas a unha colaboración continuada, que inclúe principalmente a variación léxica e a participación no TLPGP.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Rosario Álvarez (2016): "O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Concepción, metodoloxía, obxectivos e utilidades". *40º Aniversário do Centro de Linguística da Universidade do Porto. Colóquio Comemorativo*. Centro de Linguística da Universidade do Porto (CLUP). Facultade de Letras, Porto, 24-25 de novembro de 2016.
- María Álvarez de la Granja (2016): "A tecnoloxía ao servizo das lingua. Recursos para o coñecemento do galego". Presentación no IES Maruxa Mallo (Ordes, 28/01/2016). Programa *A ponte entre o ensino medio e a USC*.
- Rosario Álvarez (2016): *Lingüística e filoloxía na era dixital: novos retos, novas oportunidades. O caso do galego*. Minicurso. Centro de Letras e Ciências Humanas. Universidade Estadual de Londrina. Londrina (Paraná – Brasil), 15-18 de marzo de 2016.
- Rosario Álvarez (2016): "Variación lingüística e historia cultural. Palabras peregrinas polo Camiño francés a Compostela". *IVème Congrès International de Dialectologie et Sociolinguistique. Variations, phraséologie et ressources (IV CIDS)*. Université Paris Sorbonne. Paris, 7-9 setembro 2016.
- Francisco Dubert García / Ernesto González Seoane: "Instituto da Lingua Galega. Algunos proxectos en curso". Póster. *40º Aniversário do Centro de Linguística da Universidade do Porto. Colóquio Comemorativo*. Centro de Linguística da Universidade do Porto (CLUP). Facultade de Letras, Porto, 24-25 de novembro de 2016.
- María Álvarez de la Granja (no prelo): "¿Qué obras lexicográficas podemos utilizar en el aula? Diversidad de herramientas y posibilidades de explotación", en Mª José Domínguez Vázquez / María Teresa Sanmarco Bande (eds.), *Lexicografía y didáctica de lenguas*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

1. AN ELECTRONIC RESEARCH ENVIRONMENT AND EDITION OF THE ESTORIA DE ESPANNA OF ALFONSO X, KING OF CASTILE AND LEON

IP: Aengus Ward

ORGANISMO: University of Birmingham

ENTIDADE FINANCEIRA: Arts and Humanities Research Council (AHRC) de Reino Unido

DURACIÓN: 01/01/2013-31/12/2016

PÁGINA WEB: <http://estoria.bham.ac.uk/blog/>

PARTICIPANTES ILG: Ricardo Pichel Gotérrez

2. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGА)

IP: María Sol López Martínez

ORGANISMO: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH).

MEMBROS DO EQUIPO: Eva Domínguez Noya (coordina a parte lingüística), Mario F. Barcala (responsable da Informática), Ana Orol González, Iván Enríquez Martínez

PÁGINA WEB: <http://corpus.cirp.es/corga>

PARTICIPANTES ILG: María Sol López Martínez (IP)

FINANCIAMENTO: 125.254 €. Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 2016-2017

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2016

No 2016 traballouse grosso modo nas seguintes áreas:

- Selección representativa de documentos correspondentes aos anos 2013 e 2014 tendo en conta diversos parámetros: tipo de documento, áreas temáticas etc.
- Actualización e homoxeneización da documentación que guía a creación dos distintos documentos en formato de só texto.
- Transcripción e aliñamento do texto coa voz de máis dunha ducia de programas de radio da década dos 90.
- Incorporación de novos documentos ao CORGA, atendendo sobre todo á creación de revistas e libros dos anos 2013 e 2014.
- Redeseño e aplicación dunha clasificación dos documentos que diferencia entre tipología textual e clasificación temática.

RESULTADOS

Están publicados na web do centro e son de acceso libre os seguintes recursos:

- *Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado* (CORGAetq), versión 2.6

- *Corpus de adestramento do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA)*, versión 2.6.
- *Léxico do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA)*, versión 2.6
- *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGÁ)*, versión 1.7, con 31,9 millóns de palabras.
- *Listado de frecuencias do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGÁ)*, versión 1.7, con 430.100 formas ortográficas diferentes.

CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

- López Martínez, M. Sol (2016): “O emprego do presente para falar de futuro na prensa escrita”.en Corral Díaz, E., E. Fidalgo Francisco & P. Lorenzo Grandín (eds): *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, Universidade de Santiago de Compostela. 533-545.
- Rojo, G., M. López Martínez; E. Domínguez Noya, ; M. Barcala (2016): “O Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGÁ): estado actual e perspectivas” en: Manuel González González (ed.): Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, páxs. 445-473.

3. CONFLUENCE OF RELIGIOUS CULTURES IN MEDIEVAL SPANISH HISTORIOGRAPHY. A DIGITAL HUMANITIES PROJECT

IP: Francisco Peña

ORGANISMO: The University of British Columbia (Canadá)

DURACIÓN: 2016-2018

PARTICIPANTES ILG: Ricardo Pichel Gotérrez

4. GALLAECIA MONUMENTA HISTORICA

IP: Rosario Álvarez

ORGANISMO: Consello da Cultura Galega

PÁGINA WEB: <http://gmh.consellodacultura.org/nc/>

PARTICIPANTES ILG: Rosario Álvarez, Ana Isabel Boullón Agrelo, Henrique Monteagudo

5. LEMACIST. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)

IP: Ana Isabel Suárez González (USC)

ORGANISMO: Universidade de Santiago de Compostela

ENTIDADE FINANCIERA: Ministerio de Educación y Ciencia (HAR2013-40410-P)

DURACIÓN: 01/01/2014 - 31/12/2016

WEB: <https://lemacist.wordpress.com/>

PARTICIPANTES ILG: Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Varela Barreiro

6. EDICIÓN CRÍTICA DIGITAL DE LAS SIETE PARTIDAS: LAS EDICIONES HISTÓRICAS

IP: José Manuel Frajedas Rueda

ORGANISMO: Universidad de Valladolid

ENTIDADE FINANCIERA: Ministerio de Educación y Ciencia FFI2016-75014-P

DURACIÓN: 12/2016-12/2019

PÁGINA WEB: <https://7partidas.wordpress.com/>

PARTICIPANTES ILG: Ricardo Pichel Gotérrez

7. CORPUS DOCUMENTALE LATINUM GALLAECIAE (CODOLGA)

ORGANISMO: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

PÁGINA WEB: <http://corpus.cirp.es/codolga/>

PARTICIPANTES ILG: Xavier Varela Barreiro

8. LAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA: DE LA EDICIÓN A LA INTERPRETACIÓN (FFI2014-52710-P)

IP: Elvira Fidalgo Francisco

ORGANISMO: Universidade de Santiago de Compostela

ENTIDADE FINANCIERA: Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España
(20.000 €)

DURACIÓN: 2015, 2016, 2017

PARTICIPANTES ILG: Ramón Mariño Paz


Consultas da páxina web do centro

A seguir ofrécese unha taboa coas consultas á páxina do ILG nesta anualidade:

Enderezo web	Usuarios	Visitas	Páxinas vistas
Web do ILG http://ilg.usc.gal/gl	23.404	35.114 65,14 % novas	91.375
Índices do Atlas Lingüístico Galego http://ilg.usc.gal/indices/	1.902	2.331 79,97 % novas	7.762
Portal de Ditados Tópicos Galegos http://ilg.usc.gal/ditados/	754	876 81,74 % novas	2.794
Cartografía dos Apelidos de Galicia http://ilg.usc.gal/cag/	41.322	50.598 80,99 % novas	293.066
AMPER-Galicia http://ilg.usc.gal/amper/	249	323 73,07 % novas	1.955
Arquivo do Galego Oral http://ilg.usc.gal/ago/	1.335	1.796 71,21 % novas	3.823
Dicionario de pronuncia da lingua galega http://ilg.usc.gal/pronuncia/	8.468	15.828 51,33 % novas	121.295
FOLERPA http://ilg.usc.gal/FOLERPA/	1.265	2.313 53,83 % novas	12.871
Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués http://ilg.usc.gal/Tesouro/	1.280	5.253 22,67 % novas	31.454
Tesouro Informatizado da Lingua Galega http://ilg.usc.gal/TILG/	10.872	19.178 55,66 % novas	56.376
Ránking dos dez nomes más populares en Galicia (2000-2014) http://ilg.usc.gal/nomes_galicia/	723	860 82,67 % novas	2.101
Comparación dos 10 nomes más populares en diferentes zonas no ano 2015 http://ilg.usc.gal/nomes_comparacion/	191	319 56,74 % novas	936
Evolución dos 10 nomes más populares en Galicia entre 2000 e 2015 http://ilg.usc.es/nomes_evolucion/	335	406 82,51 % novas	1.005

Organización de cursos, conferencias e encontros lingüísticos

A. SIMPOSIO ILG 2016: ANTROPONIMIA E LEXICOGRAFÍA



27

O simposio *Antropónimia e lexicografía* desenvolveuse en Santiago de Compostela entre o 24 e o 26 de outubro de 2016 e foi organizado polo Instituto da Lingua Galega, en colaboración co Consello da Cultura Galega.

O estudo da antropónimia, principalmente en relación coa lexicografía, foi o obxectivo deste simposio, que se articulou en torno a dous eixes principais. En primeiro lugar, presentáronselles a autores de diccionarios europeos de nomes ou apelidos cuestións comúns do tratamento lexicográfico da antropónimia, que serviron como punto de partida:

- Delimitación lingüística. Os diccionarios antropónimicos adoitan partir dun ámbito político ou lingüístico. A disxuntiva está entre acoller como entradas os nomes/apelidos segundo a súa asignación lingüística (galego, español, italiano, inglés...) ou a partir dos presentes no territorio. Se o criterio é puramente estatístico, a escolla é o límite cuantitativo. Se é lingüístico, decidirase se se aceptan préstamos onomásticos de gran frecuencia ou antigüidade.
- Criterios para a selección do lema: a etimoloxía, a frecuencia, a coincidencia coa lingua común.

- Presenza da documentación histórica.
- Información xeográfica (difusión).
- Divulgación vs. información científica. Cómpre avaliar o tipo de información etimolóxica que se debe incluír: sen perder rigor pero intelixible para un público non especializado.
- Os dicionarios como ferramenta para a normalización. En tódalas linguas os apelidos (en maior medida cós nomes) presentan variantes gráficas, fonéticas ou morfolóxicas; no caso do galego, ademais, hai formas híbridas por alteración do castelán. Trátase de reflexionar se se priorizan as forman estándares e cal é o lugar que deben ocupar as variantes.

No segundo dos eixes, tratáronse temas específicos sobre os nomes e os apelidos galegos: a súa situación no século XVII, diversos fenómenos fonéticos ou morfolóxicos que os afectan especificamente, a dimensión simbólica que cobran nos usuarios e a cuestión da normalización social.

COMITÉ ORGANIZADOR: Ana Isabel Boullón Agrelo (ILG-USC), Sandra Beis Silva (ILG-USC)

COMITÉ CIENTÍFICO: Emili Casanova (Univ. de València - Acadèmia Valenciana de la Llengua), Jean Germain (Univ. Catholique de Louvain), Antón Palacio (Univ. de Vigo), Elena Papa (Univ. di Torino), Stefan Rusthaller (Univ. Pablo de Olavide-Sevilla), Antón Santamarina (ILG-USC).

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2016>

B. CURSO BÁSICO SOBRE EDICIÓN E ANOTACIÓN DE TEXTOS EN TEI-XML



Os días 21, 22 e 23 de setembro impartiuse na Facultade de Filoloxía o Curso básico sobre edición e anotación de textos en TEI-xml, organizado polo proxecto *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* do Instituto da Lingua Galega.

Este curso, que comezou cunha breve introdución xeral a SGML e XML, foi unha introdución práctica á codificación de textos, preferentemente manuscritos, mediante o uso da linguaxe TEI/XML. Para iso, fíxose uso dunha ferramenta en liña chamada TEITOK, que permite procesar directamente documentos XML. Durante o curso, os estudiantes practicaron o uso de TEI e TEITOK mediante a transcripción dun breve texto manuscrito (unha páxina) da súa escolla, e aprenderon a levar a cabo a marcación XML e a anotación lingüística dos seus documentos. O curso ten unha orientación fundamentalmente práctica. Os participantes traballaron de xeito gradual nos seus manuscritos durante todo o curso e puideron comprobar na práctica os conceptos que foron explicados.

RESPONSABLES: Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane

DOCENTES: Maarten Janssen e Gael Vaamonde

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-TEI>

C. ESTATÍSTICA CON R PARA LINGÜISTAS



Nos meses de abril e maio de 2016, o Instituto da Lingua Galega e o Grupo de Investigación en Filoloxía e Lingüística Galega organizaron o Curso básico de estatística con R para lingüistas.

O obxectivo do curso foi introducirse no uso de técnicas estatísticas básicas utilizando o software estatístico R. Os distintos métodos estatísticos presentáronse con exemplos prácticos e reais da área da lingüística (fonética, lingüística de corpus, sociolingüística, onomástica etc.).

O alumnado asistente aprendeu a interpretar e aplicar as técnicas básicas de estatística descriptiva e inferencial que se empregan habitualmente no ámbito da lingüística, ademais de adquirir os rudimentos básicos para utilizar de xeito efectivo o software estatístico R.

O curso estruturouse nos seguintes módulos:

- Módulo 1 – Introducción a R
- Módulo 2 – A información en R
- Módulo 3 – Introducción á estatística
- Módulo 4 – Estatística descriptiva
- Módulo 5 – Estatística inferencial

O curso desenvolveuse en tres sesións e constou dun total de 12 horas. Realizáronse dúas quendas:

- 26, 27 e 28 de abril, de 16:00 h a 20:00 h na Aula B01 da Facultade de Filoloxía.
- 10, 11 e 12 de maio, de 16:00 h a 20:00 h na Aula B01 da Facultade de Filoloxía.

RESPONSABLES: Rosa Crujeiras, Xulio Sousa e Laura Calaza

DOCENTE: Laura Calaza

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/estatistica-con-R>

D. XXIX CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGA “GALEGO SEN FRONTEIRAS”

EQUIPO DE ORGANIZACIÓN

DIRECCIÓN: Henrique Monteagudo, Xosé Luís Regueira

SECRETARÍA ACADÉMICA: Ana Boullón

SECRETARÍA TÉCNICA: Liliana Martínez Calvo

COMUNICACIÓN E WEB: Iolanda F. Casal

VOLUNTARIA DE APOIO: Lidia Gómez

DATAS

CONVOCATORIA o 7 de marzo de 2016

CELEBRACIÓN DO CURSO do 1 ao 22 de xullo de 2016

LUGARES: A docencia e palestras desenvolvérónse na Facultade de Filosofía da USC. A secretaría técnica estivo localizada no ILG, no despacho de Mercedes Varela, xefa de negociado de asuntos económicos, que prestou a súa axuda nos labores contables.

DESENVOLVEMENTO DO CURSO E INCIDENCIAS

O día 1 produciuse a **recepción dos alumnos/as** ás 10:00. Estaban convocadas 63 persoas, presentáronse praticamente todas agás dous alumnos que alertaron que virían o luns: Ana Domingues e Angelo Neri; Guo Sheng Liu tivo un accidente e chegou o día 1 pola tarde. Catro bolseiros non apareceron e tampouco presentaron a renuncia.

A seguir foi **acto de inauguración**, ás 12:30, no Salón de Actos de Filosofía da USC, onde a Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC , M^a Dolores Álvarez Pérez preside o acto no que tamén interveñen Ana Boullón (secretaria dos Cursos), Ernesto González Seoane (Director do ILG), Valentín García Gómez (Secretario Xeral de Política Lingüística) e Xesús Alonso Montero (Presidente da RAG).

O acto de clausura foi o 22 de xullo ás 12:00 no salón de actos de Filosofía, presidindo o acto o Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC, Roberto Javier López López, asistindo Ernesto González Seoane, (Director do ILG), Anxo Lorenzo, (Secretario Xeral de Cultura), Henrique Monteagudo, (Secretario da RAG).A entrega de diplomas foi realizada por Xosé Luís Regueira, Ana Boullón e Henrique Monteagudo, en calidade de Directores e Secretaria académica dos Cursos.

ALUMNADO

O alumnado foi seleccionado entre as **93** solicitudes iniciais recibidas no período de inscrición e fixáronse os seguintes criterios para a concesión das bolsas:

- Representatividade dos distintos Centros de Estudos Galegos
- Representatividade territorial
- Calidade de antigo/a alumno/a con boa cualificación
- Interese amosado na lingua
- Representatividade en función dos niveis solicitados

Concédense **64** bolsas: 4 Bolsas especiais (matrícula+500€), pensadas para as persoas que deban realizar viaxes trasatlánticas; 50 bolsas completas (matrícula + 350€) e 10 bolsas

de matrícula gratuita, sen asignación económica. Fórmase unha listaxe de agarda de 24 persoas, 4 para as BE e de 10 para as outras dúas categorías.

A finais de xuño, logo de renuncias varias ata o 20 de xuño, atribuídas maioritariamente a causas económicas, o total é de **63 persoas** para asistir aos cursos; 4 con Bolsas Especiais, 45 Bolsas Completas, 5 Bolsas de Matrícula Gratuita e 9 aboaran a matrícula dos cursos. Porén, non se presentaron 4 persoas posuidoras de bolsas.

Distribución do alumnado por niveis: elemental 1: 13; elemental 2: 8; medio 1: 13, Medio 2: 10 e superior: 14.

A avaliación de elemental e medio fíxose o día 21 de xullo ás 12:00, coa posta en común co profesorado de prácticas pola tarde, logo de rematar as súas clases.

Na revisión do exame do día 22 de xullo, pasáronse as **enquisas de satisfacción** que, logo de ser recollidas, foron postas a disposición da Secretaría académica, no seu despacho do ILG, xunto coas **Actas de Avaliación** e os **exames** efectuados.

ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O día 1, ás 16:00, fíxose a **proba de nivel** para os alumnos que non fixeron con anterioridade o curso. Faltou un alumno (Angelo Neri), que informou da súa ausencia; ante a imposibilidade de facerlle a proba de nivel, porque o profesorado estaba dando clase o día que se presentou, colocouse no nivel que el propoñía na súa inscrición, coa condición de que podía cambiar se o estimaba conveniente.

Do 5 ao 22 de xullo de 2016 desenvolvéronse **as clases** teóricas e prácticas a cargo de:

- Teoría: Elemental 1: Ana Fachal, prácticas: Sara Filgueira. 13 alumnos
- Teoría: Elemental 2: María Pereira, prácticas: Xosé Manuel Dopazo. 8 alumnos
- Teoría: Medio 1: Carme Pazos, prácticas: Carolina Pérez. 13 alumnos
- Teoría: Medio 2: Vicente Feijoo Ares, prácticas: Víctor Fresco. 10 alumnos

Para o nivel **superior** houbo unha novedade na programación docente, xa que, amais dun módulo común, ofreceuse para escoller entre dous módulos optativos, un de literatura e outro de lingüística.

Superior:

- Módulos comúns (14 alumnos)
 - *Historia da lingua*, Ramón Mariño.
 - *Historia da literatura*, Xosé Manuel Salgado
- Módulo de literatura
 - *Literatura e cine*, Dolores Vilavedra (8 alumnos)
 - *Literatura e xénero*, M^a Xesús Nogueira (7 alumnos)
- Módulo de lingüística
 - *Sociolingüística*, Fernando Ramallo (6 alumnos)
 - *Lingüística*, Francisco Dubert (6 alumnos)

PALESTRAS

- **5 de xullo:** Francisco Fernández Rei: *Lingüas románicas e minorización: a situación do galego*, na Facultade de Filosofía, Salón de actos.
- **7 de xullo:** Lourenzo Fernández Prieto: *Como fixeron a Galicia moderna*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.

- **8 de xullo:** Presidente RAG, Xesús Alonso Montero, *O poeta Lorenzo Varela (1916-1978) no seu centenario*, na sede da RAG, Tabernas 11, A Coruña.
- **11 de xullo:** María Solar: *Do extraterrestre verde á repartidora de bicos. Escribir para todos os públicos*, na Facultade de Historia, aula 5.
- **12 de xullo:** Mª Xosé Silvar Ses, *Do folclore ao blues: unha viaxe persoal pola música galega*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.
- **14 de xullo:** Cándido Pazó: *Contar á galega. A narración oral galega*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.
- **18 de xullo:** Gabriel Rei-Doval: *Os estudos galegos no mundo anglófono: historia e perspectivas desde os Estados Unidos*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.
- **19 de xullo:** Marilar Alexandre: *Patrimonio Natural de Galicia: da Fervenza do Xallas ás Burgas de Ourense*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.
- **20 de xullo:** Maria Boguszewicz: *Máis alá das dúas Galicias: os estudos galegos en Polonia*, na Facultade de Filosofía, Aula 1.

OUTRAS ACTIVIDADES NON-DOCENTES

- **4 de xullo:** Proxección do filme *A Esmorga*, de Ignacio Vilar, na sala Numax, ás 12. Ós alumnos pareceulle en xeral moi difícil de seguir. Algunxs suxiren que para outra vez se lles adiante un resumo con información ou que se emita con subtítulos. Valoran positivamente a introdución que lles foi feita *in situ* por Dolores Vilavedra.
- **4 de xullo:** Recital poético de *Olalla Cociña, Silvia Penas, Francisco Cortegoso e Xesús Castro*, mantedor: *Gonzalo Hermo*. No Café Airas Nunes, rúa do Vilar, 17, ás 21:30.
- **5, 6 e 11 de xullo:** *Cantos, instrumentos, baile e historia, obradoiro de música galega*, aCentral Folque, o 5 e 11, ás 19:00, na aula 1 da Facultade de Filosofía; o **6 de xullo** ás **16:00** na *Igrexa da Compañía*.
- **7 de xullo:** Mesa debate das Irmandades: *Oratoria e prosa non ficcional no tempo das Irmandades*, intervenientes: Arturo Casas, Teresa López e Xesús Alonso Montero, modera Henrique Monteagudo; no Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, s/n, ás 19:30.
- **13 de xullo:** Acto de confraternización, no parque de San Domingos de Bonaval.
- **14 de xullo e 18 de xullo:** Visita guiada á exposición *Galicia 100*. Sede Afundación, rúa do Vilar 19, ás 18:00.
- **18 de xullo:** Aldaolado: *Poesía, emoción e divertimento*, no café Airas Nunes, rúa do Vilar, 17, ás 20:00.
- **19 de xullo:** Mesa debate das Irmandades: *As Irmandades da Fala e a prensa*, intervenientes: Xan Carballa, Carme Vidal e Margarita Ledo, modera Víctor Freixanes; no Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, s/n, ás 19:30.

EXCURSIÓN E SAÍDAS

- 8 de xullo: Visita á sede da RAG na Coruña.
- 9 de xullo: Excursión ao Barbanza (Noia, Castro de Baroña, A Curota, Cabío) e acompañados por Ana Boullón e unha guía profesional. Xantar opcional no restaurante *O dolmen*, con menú de 12€, que se considerou caro, dada a calidade final. Incidencia: o alumno de orixe hindú escolleu o menú con peixe, pero na empanada que se ofrecía

a zaragallada era de carne e non foi informado. Fóra destes detalles, o alumnado ponderou a beleza paisaxística da excursión e valorou a guía profesional. Tamén incidiron na importancia de saberen previamente o detalle do percorrido da viaxe.

- 15 de xullo: Visita á Fundación Otero Pedrayo no pazo de Trasalba, xantar e na tarde partida cara á Casa museo Rosalía para a asistencia ao acto-homenaxe do aniversario do pasamento da escritora. Na visita á Casa de Rosalía varios alumnos quéixanse de que tiveron que marchar no medio do acto porque o autobús marchaba. O problema foi que o acto prolongouse de máis (o que non é previsible) e que na organización non contabamos co horario de volta do bus tan cedo.

OUTROS ASPECTOS

O **aloxamento** non se xestionou desde a Secretaría técnica pero si se informou da convocatoria de prazas no Sistema de Residencias Universitario e doutras opcións hostaleiras como outros anos.

Todas as persoas matriculadas tiveron acceso á **rede wifi** da USC cunha chave individual habilitada durante a duración do curso. A secretaria técnica estaba nas mesmas condicións, o que provocou que o acceso fose lento e pouco estable. E ocasionou que o día laborable posterior á clausura non se puidese conectar desde o ILG para as xestións últimas alí.

Acceso aos **fondos bibliográficos do ILG**, un ano máis, foi posible pola colaboración de Florentina Xoubanova, pero como o seu horario é de mañá tívose que artellar unha alternativa para as tardes grazas á colaboración voluntaria de Lidia Gómez Martínez e os docentes de prácticas pertencentes ao ILG. Cómpre valorar positivamente a actitude entregada deles todos en todo momento, asumindo, en ocasións, tarefas extras. Para o ano vindeiro será bo que a atención da biblioteca pola tarde figure entre as tarefas do persoal docente das clases prácticas, que poderán facer quendas para poderen estar só algunas tardes.

A xestión do **blog**: <http://cursoslinguagalega.academia.gal/> e da revista de prensa foi levada a cabo por lolanda Casal, a responsable de prensa da RAG. No blog había varias pestanas: Cursos [Calendario, programas e recursos], Palestras [relatores e resumos], Actividades [na que non hai nada: habería que eliminarlo o ano que vén se está baleiro], Na prensa [archivo de prensa], Multimedia [con material gráfico realizado por lolanda Casal]. Nos lugares correspondentes ofrecíase información sobre o profesorado (que tiña a posibilidade de colgar alí os materiais específicos de cada materia). Ademais, había un taboleiro á dereita da pantalla onde se ían ofrecendo información puntual de cada actividade. Debería constar de maneira clara o equipo de organización e técnico para o alumnado saber a quen tiña que acudir en cada caso.

VALORACIÓN GLOBAL DO ALUMNADO

A valoración xeral é moi positiva e adoita haber comentarios encomiásticos sobre o moito que aprenderon, a boa organización e o ben que o pasaron.

Fan suxestións para a mellora:

- posibilidade de facer unha proba oral ao comezo para avaliar mellor o nivel de cada alumno.
- maior duración do curso e reformas do horario: acortar a pausa para xantar a dúas horas (en vez das actuais 2.30), para poder rematar antes polas tardes e así teren máis tempo libre, no que poderían aproveitar para consultar libros.
- convenio con algún restaurante para xantar.

- facer máis excursións (coma a do Barbanza).
- más actividades gastronómicas.
- facer unha visita guiada pola cidade a primeira semana.

O alumnado de nivel inicial e medio valora moi positivamente o labor dos profesores das clases teóricas e prácticas (con excepción do profesor de prácticas do curso medio-2, onde se queixan de facer pouca práctica oral, pouca conexión coas teóricas e ás veces pouca preparación de aulas). A maior parte dos profesores teñen a máxima puntuación en tódolos ítems (a nota máis baixa, un 4, concéntrase nos recursos didácticos). Algúns deles comentan que preferirían ter más horas de docencia de uso de lingua.

O alumnado de nivel superior valora moi ben os profesores dos módulos específicos, tanto pola organización das aulas como pola súa profesionalidade, preparación e, nalgún caso, paixón (Salgado). Nalgún caso botan de menos a utilización de powerpoint (Salgado) e, na materia de *Literatura e cine*, a posibilidade de ver más películas.

En xeral, tódalas palestras tiveron unha valoración positiva. As mellor valoradas foron as de María Solar e Mª Xosé Silvar, Ses. Polo lado contrario, as que lles pareceron demasiado específicas e de tema pouco interesante foron as de Gabriel Rei-Doval e Maria Boguszewicz, sobre os estudos galegos no mundo anglófono e en Polonia, respectivamente. Reclaman temas más básicos e xerais.

Das actividades non docentes, as mellor valoradas foron o encontro de confraternización (coma sempre; desta vez alguén apuntou a necesidade de ofrecer comida vexetariana), o obradoiro de música galega (que segundo algúns debería durar máis tempo) e o espectáculo de Aldaoaldo. Son as que citan especificamente, amais de obteren a mellor puntuación. En xeral, valoran más as actividades más dinámicas e a variedade delas. No recital poético subliñan a dificultade de seguir o contido dos poemas, e suxiren a posibilidade de poderen dispor dos textos simultaneamente ó recitado para poder comprehendelo mellor. No lado contrario, as mesas de debate das *Irmandades da fala* pareceronllles difíciles de seguir; son as que tiveron peor puntuación.

En canto á motivación para vir estudar galego, a maior parte citan as súas universidades, ben polas aulas de galego ou porque lles falou algún profesor. Outros citan as raíces familiares, a curiosidade por unha cultura nova e descoñecida, o interese por linguas minoritarias, o Camiño de Santiago e o coñecemento de Rosalía de Castro.

ARQUIVO DE PRENSA 2016

- [23/07/2016 La Voz de Galicia: Os cursos «Galego sen fronteiras» reuniron a estudiantes de tres continentes.](#)
- [22/07/2016 A Revista-TVG: Segunda conexión en directo desde o acto de clausura dos XXIX Cursos de lingua e cultura galegas.](#)
- [22/07/2016 A Revista-TVG: Primeira conexión en directo desde o acto de clausura dos XXIX Cursos de lingua e cultura galegas.](#)
- [22/07/2016 Galicia por diante -Radio Galega: A partir do minuto 13.30, entrevista a Harriet e Ilari, alumnos dos cursos, e Carolina, do equipo docente, no programa matinal da radio pública galega.](#)
- [19/07/2016 Televisión Española \(TVE\): O Telexornal Galicia do día inclúe unha reportaxe sobre os Cursos de lingua e cultura galegas a partir do minuto 15.30.](#)
- [17/07/2016 El Correo Gallego: Embajadores del gallego por el mundo.](#)
- [14/07/2016 La Voz de Galicia: La RAG celebró un encuentro con los alumnos extranjeros.](#)

- *Tarde de confraternización en el parque de Bonaval.* Fotonoticia non disponible na edición dixital gratuita. Publicada na páxina 12 da edición impresa.
- **13/07/2016 Televisión de Galicia: Telexornal Serán:** *Estudantes de 17 países no curso "Galego sen fronteiras".* Reportaxe realizada no encontro de confraternidade que tivo lugar no parque de Bonaval.
- **13/07/2016 Nós TV: O galego no Val das Ellas.** Nova peza na Rede Galega de Videoblogues co testemuño doutra alumna dos Cursos de lingua e cultura galegas.
- **12/07/2016 Nós TV: Thayane Gaspar:** *"Cando estudaba Literatura Portuguesa, coñecín o galego".* A alumna dos cursos Thayane Gaspar protagoniza a peza, incluída na Rede Galega de Videoblogues.
- **11/07/2016 Nós TV:** Márk Balog, alumno dos Cursos "Galego sen fronteiras", fala da súa primeira experiencia co galego para a Rede Galega de Videoblogues.
- **06/07/2016 Cope Santiago:** Entrevista a Jonathan, un dos alumnos dos Cursos, no programa da mañá para Santiago de Compostela e comarca.
- **03/07/2016 La Voz de Galicia: Galego Sen Fronteiras achega a lingua galega a alumnos de todo o mundo en Compostela.**
- **02/07/2016 Nós TV:** Reportaxe sobre os cursos.
- **02/07/2016 Galicia Confidencial: Alumnos de Europa, América e Asia participan no curso 'Galego sen fronteiras'.**
- **01/07/2016 Radio Nacional de España:** O informativo de Galicia do mediodía emite unha reportaxe sobre os cursos co gallo da inauguración da nova edición (38'-40'40").
- **01/07/2016 TVG:** O Telexornal Mediodía dá conta da apertura dos cursos.
- **01/07/2016 Lindeiros:** *Inauguración da XXIX edición dos Cursos de verán 'Galego sen fronteiras'.*
- **23/07/2015 Crónicas de la Emigración:** Valentín García anuncia la apertura de los nuevos centros de estudios gallegos de Zurich y Tokio. O anuncio produciuse na inauguración dos Cursos "Galegos sen fronteiras", dos que tamén fala a nova.
- **9/03/2016 La Opinión de A Coruña:** *La RAG organiza una nueva edición de los cursos de verano 'Galego sen fronteiras'.*
- **8/03/2016 Crónicas de la Emigración:** *Abierto el plazo de inscripción de los cursos de lengua gallega para personas de fuera de Galicia*
- **8/03/2016 Consello da Cultura Galega:** *XXIX Cursos de verán de lingua e cultura galegas*

A actividade dos investigadores

A. COMUNICACIÓNES EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS

Aguete Cajiao, Alba (2016): "A apertura das vogais pretónicas do galego: unha achega desde a fonoloxía prosódica". *XXVIII Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica*. Roma (Italia), 18-23 xullo 2016.

Aguete Cajiao, Alba (2016): "A miña lingua materna, en principio, era o castelán.' Revisión crítica das categorías de falantes en galego". *Congreso Internacional Identidade e Xénero en Galicia*. Varsovia (Polonia), 9-11 maio 2016.

Aguete Cajiao, Alba (2016): "Os perfís de falante galego nos estudos experimentais. Unha aproximación dende a fonoloxía". *XII Congreso Internacional de Lingüística General (CILG2016)*. Alcalá de Henares (Madrid), 23-25 maio 2016.

Álvarez Pousa, Concepción: "A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués". Comunicación no *Colóquio comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Facultade de Letras da Universidade do Porto (Porto, 24-25/10/2016).

Álvarez Pousa, Concepción: "A variedade vianesa e a frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués". Conferencia no *IV Coloquio de Lingüística Histórica*, Universidade de Extremadura (Cáceres, 13-14/10/2016).

Álvarez Pousa, Concepción: "Como é a variedade lingüística da Terra de Viana do Bolo?" Comunicación no *IV Encontro da Mocidade Investigadora*, organizado pola Escola de Doutoramento Internacional (EDI) da Universidade de Santiago de Compostela (Santiago de Compostela, 09-10/06/2016).

Álvarez Pousa, Concepción: "O galego oriental: o dialeto vianês e as suas afinidades com a língua portuguesa". Conferencia na Facultade de Letras da Universidade do Porto (Porto, 09/11/2016).

Álvarez Rosario (2016): "Entre a xeolingüística e a lingüística contrastiva: algúns aspectos da gramática do pronome persoal en galego e portugués". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Extremadura), 13-14 outubro 2016.

Álvarez, Rosario (2016): "Variación lingüística e historia cultural. Palabras peregrinas polo Camiño francés a Compostela". *IVème Congrès International de Dialectologie et*

Sociolinguistique. Variations, phraséologie et ressources (IV CIDS). Université Paris Sorbonne, París, 7-9 setembro 2016.

Álvarez, Rosario (2016): "Fagamos do cultivo do noso idioma unha relixión de homes dignos". *No tempo das Irmandades: fala, escrita, prelos. Lingua e ideas lingüísticas*. Real Academia Galega. Centro Cultural Marcos Valcárcel, Ourense, 26 de outubro de 2016

Álvarez, Rosario (2016): "Galego e portugués: afinidade e diverxencia". Conferencia plenaria. *1 ELI Encontro de línguas ibéricas. Conferências Internacionais de Linguística*. Universidade da Beira Interior, Covilhã, 16-17 de setembro de 2016.

Álvarez, Rosario (2016): "O Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués Concepción, metodoloxía, obxectivos e utilidades". *40º Aniversário do Centro de Linguística da Universidade do Porto. Colóquio Comemorativo*. Centro de Linguística da Universidade do Porto (CLUP). Faculdade de Letras, Porto, 24-25 de novembro de 2016.

Álvarez, Rosario (2016): "Patrimonio cultural europeo. Denominacións galegas do xogo da billarda", en Aguilera, Vanderlei de Andrade / Mararúbia Pereira Barbosa Doiron (eds.), *Estudos geossociolinguísticos brasileiros e europeus: uma homenagem a Michel Contini*. Cascavel / Londrina: EDUNIOESTE / EDUEL, 121-140.

Álvarez, Rosario / Sandra Beis / Ernesto González Seoane (2016): "Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna", *IV Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas* (Universidad de Alcalá, 24 -25 de noviembre de 2016).

Álvarez, Rosario / Sandra Beis Silva / Ernesto González Seoane (2016): "A evolución das formas de tratamiento en galego. Evidencias desde o galego medio". *IV Congreso de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas*. Universidad de Alcalá, 25-26 de noviembre de 2016.

Basanta Llanes, Noemi (2016): "«Elas teñen más facilidade para poñer a alguén verde.» O mito das diferenzas lingüísticas e a identidade de xénero". *VI Seminario Internacional sobre Lengua y Literatura*, Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV/EHU), 26-27 outubro 2016

Basanta Llanes, Noemi (2016): "Ageing Across Gender: Styling Selves and Relationships in Same and Mixed Sex Galician Conversations". *First International Conference on Sociolinguistics. Insights from Superdiversity, Complexity and Multimodality*. Budapest (Hungría), 1-3 setembro 2016.

Basanta Llanes, Noemi (2016): "Que máis tería que fósemos ó folión?: resignificación social e emerxencia discursiva de identidades femininas". *Congreso Internacional Identidade e Xénero en Galicia*, Varsavia (Polonia), 9-11 maio 2016.

Basanta Llanes, Noemi (2016): "The Gendered Sense of Self: Performing Identities Within Biographical Narratives". *The Fourth Euroacademia International Conference. Identities and Identifications: Politicized Uses of Collective Identities*, Venecia (Italia), 4-5 marzo 2016.

Basanta Llanes, Noemi (2016): "Se cuadra viron o lobo': O tabú e a (re)construcción do matrimonio desde as narrativas heterosexuais". *XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*, Vigo, 19-21 outubro 2016.

Beis Silva, Sandra (2016): "A toponimia no 'Nomenclátor gallego' do padre Sobreira". *IV Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 9-10 xuño 2016.

Beis Silva, Sandra (2016): "Deturpación y reconstrucción de la toponimia en el Nomenclátor Gallego del Padre Sobreira". *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources*. París, 7-9 setembro 2016.

- Beis Silva, Sandra = Álvarez, Rosario / Sandra Beis Silva / Ernesto González Seoane.
- Calaza Díaz, Laura = Irene Santos Raña / Laura Calaza Díaz / Soraya Suárez Quintas / Xulio Sousa.
- Calaza Díaz, Laura = Suárez Quintas, Soraya / Laura Calaza Díaz.
- Corral Pérez, Isabel (2016): ««¿Cómo le gustaría que fuese la educación en lo referente a las lenguas?» Actitudes lingüísticas del alumnado mexicano». *8º Congreso Internacional CEISAL 2016*. Salamanca, 28 xuño - 1 xullo 2016.
- Corral Pérez, Isabel (2016): «Actitudes lingüísticas del alumnado indígena: estudio de casos». *XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Vigo, 19-21 outubro 2016.
- Corral Pérez, Isabel (2016): «Aproximación a la realidad lingüística mexicana: derechos y actitudes». *Sociolinguistics Symposium 21*. Murcia, 15-18 xuño 2016.
- Corral Pérez, Isabel (2016): «Estudo preliminar das actitudes lingüísticas en México». *IV Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 9-10 xuño 2016.
- Corral Pérez, Isabel (2016): «La Lengua como marcador de la Identificación Indígena: un aporte desde la microsociolingüística al caso mexicano». *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources*. París, 7-9 setembro 2016.
- Corral Pérez, Isabel (2016): "Que pensan os indíxen as das súas linguas?". *DivulgaTerra. Petiscos de Divulgación Científica*. Lugo, 9 novembro 2016.
- Costas González, Xosé Henrique (2016): «Orix e evolución das sibilantes nas falas do val do río Ellas». *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2016): «Análise das construccóns con ensinar e aprender. Unha aproximación á causatividade en galego». *XXVIII Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica*. Roma (Italia), 18-23 xullo 2016.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2016): «Arder en predicados causativos e anticausativos do galego». *XII Congreso Internacional de Lingüística General (CILG2016)*. Alcalá de Henares (Madrid), 23-25 maio 2016.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2016): "Estudo da alternancia causativa en pares verbais do galego: primeiros resultados". *IV Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 9-10 xuño 2016.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2016): "Métodos e recursos para o estudo da variação sintática dialetal no galego". *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources*. París, 7-9 setembro 2016.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2016): "Principais métodos e recursos para o estudo da alternancia causativa en pares verbais do galego". *Realización e presentación de traballos científicos* (actividade do Programa de doutoramento en Lingüística da USC). Santiago de Compostela, 30 de xuño e 14 de xullo 2016.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2016): "Alternancia de raíz en el determinante indefinido MOITA(S)/O(S) en A Illa de Ons (Bueu, Pontevedra)". *III Jornadas de Iniciación a la Investigación Lingüística*. Cáceres, 17-18 novembro 2016.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2016): "Morfema da P1 do pretérito de indicativo da primeira conjugación nos verbos regulares". *XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Vigo, 19-21 outubro 2016.

Dubert García, Francisco = Sousa, Xulio / Francisco Dubert García / Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho.

Fernández Rei, Elisa (2016): "Lingua e identidade: paleofalantes vs. neofalantes". *Congreso Internacional Identidade e Xénero en Galicia*. Varsovia (Polonia), 9-11 maio 2016.

Fernández Rei, Elisa (2016): "O contacto lingüístico e a categorización de falantes. O caso da entoación dos neofalantes". *XXXI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Vigo, 19-21 outubro 2016.

Fernández Rei, Elisa (2016): "Lingua e identidade: paleofalantes vs. neofalantes". *Congreso Internacional Identidade e Xénero en Galicia*. Varsovia (Polonia), 9-11 maio 2016

Fernández Rei, Elisa = Sousa, Xulio / Francisco Dubert García / Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho (2016).

Fernández Rei, Francisco (2016): "A posición do galego e do portugués na historia da romanística". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.

Fernández Rei, Francisco: "Alonso Zamora Vicente precursor de la dialectología gallega". Participación na mesa redonda "AZV Filólogo". Jornada Homenaje Alonso Zamora Vicente 100 años de su nacimiento. Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Filología, 18 de abril de 2016.

Fernández Rei, Francisco: "O Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega", Comunicación no *Colóquio comemorativo dos 40 anos do Centro de Lingüística da Universidade do Porto*. Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 24-25 de novembro de 2016.

Fernández Rei, Francisco: "O galego literario na época das Irmandades da Fala (1916-1931)". Relatorio no *Simposio Repensando Galiza: As Irmandades da Fala (1916-1936)*. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego 17-19 novembro de 2016 [data do relatorio, 17 nov.].

García García, Ana (2016) : "Quanto galego é que sabemos? Contribuições sobre a percepção da competência linguística na Galiza". *II Congreso Internacional sobre Educación Bilingüe*. Córdoba, 15-18 novembro 2016.

García García, Ana / Rosa Mouzo Villar (2016): "Espécies agachadas no "sobreiro de sapo". Estudo motivacional a partir dos materiais do Atlas Lingüístico Galego". *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique: Variations, Phraséologie et Ressources*. París (Francia), 7-9 setembro 2016.

González González, Manuel (2016): "A lingua dos parlamentarios galegos e o novo galego urbano". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.

González González, Manuel (2016): "Les désignations romanes du bleuet". *XXIème Congrès International de l'Atlas Linguistique Roman (ALir) / AL XXI-lea Congres International al Atlasului Lingvistic Romanic (ALiR)*. Baia Mare, Roumanie, 27 setembro – 1 outubro 2016.

González González, Manuel (2016): "A calidade do galego falado pola clase política". *XVI Xornadas de cultura galega*. Granada, 26 outubro 2016.

González González, Manuel (2016): "A terminoloxía en Galicia" (mesa redonda por invitación). *XII Xornada científica Realiter*. Santiago de Compostela, 9-10 xuño 2016.

González González, Manuel (2016): "El gallego hablado en el Parlamento de Galicia: un (mal) ejemplo para la sociedad". *IVème Congrès International de Dialectologie et de Sociolinguistique. Variations, phraséologie et ressources (CIDS 2016)*. París, 7-9 setembro 2016.

González González, Manuel (2016): "Mundo digital, redes y diccionarios peninsulares". *VII Congreso internacional de Lexicografía Hispánica*. Santander, 27-29 xuño 2016.

González González, Manuel (2016): "Norma i diccionari". Mesa redonda por invitación, moderada por M. Josep Cuenca (participantes: Joan Martí, Miren Azcarate, Manuel González). *Xerrades amb M. Teresa Cabré Castellví: "Reflexions al voltant de la lingüística aplicada i el lèxic"*, organizadas por el Institut d'Estudis Catalans, Universitat Pompeu Fabra, Universitat de Barcelona i TERCAT. Institut d'Estudis Catalans, Barcelona, 10 febreiro 2016.

González González, Manuel (2016): "Presentación Symposium ALE 2017 en Santiago de Compostela". *Atlas Linguarum Europae (ALE) Symposium. The 49th Annual Meeting*. Irish and Celtic Studies Research Institut. Derry, Ulster University, Northern Ireland. 16-18 xuño 2016.

González González, Manuel (2016): "Révision des données galiciennes pour "conte de fée, comprendre, ouvrier, chat male, jars, oignon, tombeau, cimetière, l'aire". *Atlas Linguarum Europae (ALE) Symposium. The 49th Annual Meeting*. Irish and Celtic Studies Research Institut. Derry, Ulster University, Northern Ireland. 16-18 xuño 2016.

González Seoane = Álvarez, Rosario / Sandra Beis Silva / Ernesto González Seoane.

González Seoane, Ernesto X. (2016): "A representación do portugués en textos galegos da Idade Moderna". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.

Loureiro Rodríguez, Eduardo (2016): "Aproximación cuantitativa ao galego falado na comarca do Ribeiro" [Póster], *XXVIII Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza*, Roma (Italia) 18 - 23 de xullo de 2016.

Loureiro Rodríguez, Eduardo (2016): "Cambio en tiempo real y en tiempo aparente: algunas observaciones desde el gallego", *ALPES-Abriendo líneas en el pasado del español*, Kandersteg (Suiza), 18-22 de xaneiro de 2016.

Loureiro Rodríguez, Eduardo (2016): "Variación y cambio en la colocación del clítico en algunos complejos verbales gallegos", *DIA IV- Repenser la variation linguistique*, Zürich (Suiza), 12-14 de setembro de 2014.

Ramón Mariño Paz (2016): "Sobre algunas concomitancias luso-galaicas do "Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c." (1728) de Raphael Bluteau". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.

Mariño Paz, Ramón (2016): "Sobre algunas concomitancias luso-galaicas do "Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c." (1728) de Raphael Bluteau". *IV Coloquio de Lingüística Histórica*. Cáceres (Estremadura), 13-14 outubro 2016.

